


RECOMENDACIÓNS PARA PACIENTES PORTADORES DE SETÓNS

Que é un setón?

- ◆ Un setón é un fío cirúrxico ou unha liga de material plástico que se coloca no traxecto da fístula e mantense durante un tempo indeterminado. Isto permite manter a fístula aberta, drenar o material purulento e "madurar" o seu traxecto. Evitamos así a formación de novos abscesos e a dor, polo que permítenos realizar posteriormente unha cirurxía menos agresiva sen danar as función dos esfínteres.



COIDADOS DE SETÓNS



- ◆ Tras a colocación do setón, deberá acudir ao seu Centro de Atención Primaria para realizar curas. A súa enfermeira realizará un lavado por arrastre con soro a través do traxecto onde está colocado o setón, de forma diaria durante unha semana. Posteriormente e segundo a evolución, poderanse espazar os lavados.
- ◆ Debe mobilizar o setón habitualmente, evitando tiróns ou arrancamentos.
- ◆ É normal tras a colocación do setón, que se produza un sangrado escaso e que persista a supuración, aínda que de forma máis leve. Mantendrá a zona anal limpa e seca.
- ◆ Realizará baños de asento con auga morna e xabón tras cada deposición e dous ou tres veces máis no día.
- ◆ Evitar o uso do papel hixiénico.
- ◆ Recoméndase manter unha gasa na zona que cambiará habitualmente para evitar o rozamento e a irritación cutánea perianal.
- ◆ Evitar o estrinximento. É importante manter unha dieta rica en fibra e beber polo menos 2 litros de auga ao día. En caso de persistir o estrinximento aconséllase o tratamento con Plantago Ovata (2-3 veces ao día).
- ◆ Evitar a sedestación prolongada. Debe camiñar diariamente.
- ◆ En caso de dor que non ceda con analxesia habitual ou aumento da supuración, consulte co seu médico de Atención Primaria ou acuda a urxencias se a gravidade dos síntomas requireno.
- ◆ En caso de retirada accidental do setón, non precisa acudir a urxencias. Contacte coa Consulta de Cirurxía para concertar unha cita e valorar a fístula novamente.
- ◆ Os setóns poden manterse durante meses. A súa retirada ou a indicación dunha nova cirurxía dependen da evolución da fístula e debe facerse segundo o criterio do seu Cirurxián/á.